



## Concello de Meaño

### ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA 30 DE OUTUBRO DE 2023 (PLN/2023/10).

<u>ASISTENTES</u>	<u>GRUPO POLÍTICO</u>
<b><u>ALCALDE, que preside:</u></b>	
D. Carlos Vieitez Fernández	VEDM
<b><u>CONCELLEIROS:</u></b>	
D <sup>a</sup> Mercedes Cousido García	VEDM
D <sup>a</sup> Raquel Balboa Torres	VEDM
D. Jorge Besada Serén	VEDM
D <sup>a</sup> Belén Mosteiro Lobato	VEDM
D <sup>a</sup> Sheila Feteira Santos	VEDM
D. Ramón Tilve Castro	VEDM
D. Ramón Alfonso Piñeiro	VEDM
D <sup>a</sup> Cristina Castro Pintos	MI
D. José Manuel Asperez Montes	MI
D. José Angel Lubian Barreiro	MI
D. Jesús Joaquín Sueiro Méndez	PP
D <sup>a</sup> Rosana Domínguez Rey	BNG
<b><u>CONCELLEIROS NON ASISTENTES:</u></b>	
<b><u>SECRETARIA:</u></b>	
D <sup>a</sup> M <sup>a</sup> Teresa Escudero Barral	

No Salón de Sesións da Casa Consistorial de Meaño, ás 14:00 horas do día 30 de outubro de 2023, reúnese, previa convocatoria, o Pleno da Corporación en sesión ordinaria coa asistencia dos Sres/as concelleiros/as que se relacionan na marxe.

A tódolos/as asistentes fíxoselles chegar copia da orde do día, cos asuntos a tratar, poñéndose a súa disposición os expedientes da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente.

Concorrendo o quorúm necesario, declárase validamente constituída a sesión.

#### A) Parte resolutiva

1º.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 28 DE SETEMBRO 2023.-

O Pleno da Corporación por unanimidade dos seus membros aproba a acta correspondente á sesión ordinaria do Pleno da Corporación de data 28 de setembro de 2023.

2º.- EXPEDIENTE DO MODIFICACIÓN DE CRÉDITO: SUPLEMENTO DE CRÉDITO 3/2023. (EXP.: 875/2023)

Dada conta, someramente, polo Sr. alcalde-presidente da proposta formulada pola Alcaldía á Comisión Especial de Contas, cuxo tenor literal é o seguinte:

*“Visto o expediente de modificación de crédito, suplemento de crédito 3/2023, para gastos comprometidos, que afectan:*

1.- Ao Capítulo I de gastos de persoal, motivado:





## Concello de Meaño

a) Dende a aprobación do Orzamento Municipal 2022, as retribucións dos empregados públicos municipais víronse afectadas:

- Acordo do Pleno da Corporación de data 29 de xullo de 2022, de aprobación con carácter definitivo do Organigrama e Relación de Postos de Traballo e de aplicación desde o 1 de agosto de 2022.

- Artigo 23 do Real Decreto-lei 18/2022, de 18 de outubro, polo que se aproban medidas de reforzo da protección dos consumidores de enerxía e de contribución á redución do consumo de gas natural en aplicación do <<Plan+seguridad para tu energía (+SE)>>, así como medidas en materia de retribucións do persoal ao servizo do sector público e de protección das persoas traballadoras agrarias eventuais afectadas pola sequía, que preve un incremento adicional ao disposto nos capítulos I e II do título III da Ley 22/2021, de 28 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022, con efectos de 1 de xaneiro de 2022, as retribucións do persoal ao servizo do sector público do 1,5 por cento respecto ás vixentes a 31 de decembro de 2021.

- Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2023, que sinala no punto Dous do artigo 19 que, as retribucións do persoal ao servizo do sector público non poderá experimentar un incremento global superior ao 2,5 por cento respecto ás vixentes a 31 de decembro de 2022, en termos de homoxeneidade para os períodos de comparación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal como á antigüidade do mesmo.

- Real Decreto 99/2023, do 14 de febreiro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para 2023, con efectos de 1 de xaneiro de 2023.

-Orde HFP/792/2023, de 12 de xullo, pola que se revisa a cuantía das dietas e asignacións para gastos de locomoción no imposto sobre a Renta das Persoas Físicas.

- Orden HFP/793/2023, de 12 de xullo, pola que se revisa o importe da indemnización polo uso de vehículo particular establecida no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnización por razón do servizo.

- Resolución do 4 de outubro de 2023, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se publica o Acordo do Consejo de Ministros do 3 de outubro de 2023, polo que se aproba o incremento do 0,5 por cento nas retribucións do persoal ao servizo do sector público en aplicación do previsto no artigo 19.Dous.2.a) da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023; de carácter consolidable, terá efectos de 1 de xaneiro de 2023 e aboarase no mes de outubro de 2023.

- Acordo do Pleno da Corporación, de data 28 de setembro de 2023, de levantamento de reparo suspensivo, por inexistencia de crédito no expediente de contratación laboral temporal, por substitución, dun/dunha mestre/a e dun/dunha técnico/a de educación infantil, para a Escola Infantil Municipal de 0-3 anos, para cubrir baixas de IT.

b) Do novo réxime de dedicación e retribucións de cargos da corporación.

c) A transferencia de crédito 1/2023, do Capítulo I de gastos de persoal, aprobada mediante Resolución da Alcaldía de data 20-10-2023, n.º 2023-0665, non da cobertura ao importe total do crédito necesario.

2.- Ao Capítulo IV de transferencias correntes, motivado:

a) Recoñecemento extraxudicial de crédito, por importe de 36.634,95 €, aprobado polo Pleno da Corporación en sesión de data 31-03-2023, correspondente á liquidación de gastos do terceiro





## Concello de Meaño

cuatrimestre do ano 2022 e a liquidación de gastos xerais anualidade 2022 da Mancomunidade do Salnés, que foron aplicados ao exercicio 2023, con cargo á aplicación presupostaria 943.46300.

b) Incremento do custo dos servizos que presta a Mancomunidade do Salnés

c) Asignación aos Grupos Políticos en virtude da nova composición dos grupos políticos en virtude das eleccións locais celebradas o día 28-05-2023.

3.- Ao Capítulo VII de transferencias de capital, motivado na achega prevista ao proxecto de dotación de composteiros.

Considerando que, o 29 de setembro de 2022 o Congreso dos Deputados aproba a persistencia das condicións de excepcionalidade que xustifican manter suspendidas as regras fiscais en 2023.

Considerando que, de conformidade coas disposicións vixentes, cando deba efectuarse algún gasto específico e determinado que non poida demorarse ata o exercicio seguinte para o que o crédito resulte insuficiente, a Corporación poderá acorda-la realización dun expediente de suplemento de crédito.

Considerando que, estas modificacións poderán financiarse con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais (aforro propio procedente de exercicios anteriores), obtido da Liquidación do Orzamento correspondente ó exercicio económico 2022, calculados ó abeiro do art. 101 a 104 do R.D. 500/90, do 20 de abril.

Considerando que o Orzamento prorrogado poderá ser obxecto de calquera das modificacións previstas pola lei.

Esta Alcaldía, a vista do informe emitido pola secretaria-interventora, e co ánimo de ir mellorando as dotacións e servizos municipais que contribúan á mellora da calidade dos/as veciños e veciñas; proponlle á Comisión Especial de Contas que dictamine favorablemente este expediente de modificación de créditos e a súa vez lle propoña ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º Aprobar inicialmente o expediente de Modificación de créditos: suplemento de crédito n.º 3/2023, financiados con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais (aforro propio procedente de exercicios anteriores), obtido da Liquidación do Orzamento correspondente ó exercicio económico 2022, calculados ó abeiro do art. 101 a 104 do R.D. 500/90, do 20 de abril e o SEC 201, nos seguintes termos:

### SUPLEMENTO DE CRÉDITO 3/2023

#### CAPITULO I

Aplicación Presupostaria	Aumento	Financiamento/Aplicación	Fins
211.16000	15.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	Cotas SS a cargo do empregador
2315.13000	12.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	Retribucións persoal laboral fixo escola infantil
2315.13100	32.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	Retribucións persoal laboral temporal escola infantil





## Concello de Meaño

2313.13000	5.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	Retribucións persoal de axuda a domicilio
3230.13000	1.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	Retribucións mantemento limpeza centros educativos e pavillón
333.13000	1.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	Retribucións persoal mantemento edificios
912.10000	1.400,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	Retribucións órganos de goberno
92001.13000	3.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	Retribucións persoal técnico
92002.13000	2.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	Retribucións limpeza edificios municipais
<b>TOTAL</b>	<b>72.400,00 €</b>		

### CAPITULO IV

Aplicación Presupostaria	Aumento	Financiamento/Aplicación	Fins
912.48000	1.121,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	Asignación grupos políticos
943.46300	60.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	Aportación Mancomunidade do Salnés
<b>TOTAL</b>	<b>61.121,00 €</b>		

### CAPITULO VII

Aplicación Presupostaria	Aumento	Financiamento/Aplicación	Fins
943.76300	7.078,50 €	Rte. líquido tesourería 870.00	Aportación ao proxecto composteiros
<b>TOTAL</b>	<b>7.078,50 €</b>		

Quedando o resume por Capítulos como segue:

GASTOS			INGRESOS		
Cap	Denominación	Importe €	Cap	Denominación	Importe €
1	Gastos de persoal	1.845.398,66	1	Impostos directos	1.289.500,00
2	Gastos en bens correntes e servizos	1.868.286,04	2	Impostos indirectos	30.000,00
3	Gastos financeiros	0,00	3	Taxas e outros ingresos	641.361,00
4	Transferencias correntes	348.576,20	4	Transferencias correntes	2.027.391,23
6	Investimentos reais	3.163.327,61	5	Ingresos patrimoniais	7.169,00
7	Transferencias de capital	40.839,80	6	Alleamento de inversións reais	1,00
8	Activos financeiros	0,00	7	Transferencias de capital	971.960,75
9	Pasivos financeiros	0,00	8	Activos financeiros	0,00
			9	Pasivos financeiros	2.299.045,33
	<b>TOTAL</b>	<b>7.266.428,31</b>			<b>7.266.428,31</b>

2º Que continúe a tramitación do expediente coa exposición pública para os efectos de reclamación, na forma e prazos que se establece no artigo 169 del R.D.Lvo2/2004, de 4 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en concordancia cos artigos 37 e 38 do R.D. 500/90, do 20 de abril; quedando definitivamente aprobado, sen prexuízo das publicacións pertinentes, de non presentarse reclamacións contra o mesmo.”

Unha vez deliberado o asunto e sometida a proposta de acordo a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, con cinco abstencións (do/da concelleiro/a do Grupo Mixto e da/dos concelleira/os do Grupo Municipal MI) e oito votos a favor (dos concelleiros/as do Grupo Municipal VEDM), aceptando o ditame-proposta da Comisión Especial de Contas, acorda:

1º Aprobar inicialmente o expediente de Modificación de créditos: suplemento de





## Concello de Meaño

crédito n.º 3/2023, financiados con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais (aforro propio procedente de exercicios anteriores), obtido da Liquidación do Orzamento correspondente ó exercicio económico 2022, calculados ó abeiro do art. 101 a 104 do R.D. 500/90, do 20 de abril e o SEC 201, nos seguintes termos:

### SUPLEMENTO DE CRÉDITO 3/2023

#### CAPITULO I

Aplicación Presupostaria	Aumento	Financiamento/Aplicación	Fins
211.16000	15.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	Cotas SS a cargo do empregador
2315.13000	12.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	Retribucións persoal laboral fixo escola infantil
2315.13100	32.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	Retribucións persoal laboral temporal escola infantil
2313.13000	5.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	Retribucións persoal de axuda a domicilio
3230.13000	1.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	Retribucións mantemento limpeza centros educativos e pavillón
333.13000	1.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	Retribucións persoal mantemento edificios
912.10000	1.400,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	Retribucións órganos de goberno
92001.13000	3.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	Retribucións persoal técnico
92002.13000	2.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	Retribucións limpeza edificios municipais
<b>TOTAL</b>	<b>72.400,00 €</b>		

#### CAPITULO IV

Aplicación Presupostaria	Aumento	Financiamento/Aplicación	Fins
912.48000	1.121,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	Asignación grupos políticos
943.46300	60.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	Aportación Mancomunidade do Salnés
<b>TOTAL</b>	<b>61.121,00 €</b>		

#### CAPITULO VII

Aplicación Presupostaria	Aumento	Financiamento/Aplicación	Fins
943.76300	7.078,50 €	Rte. líquido tesourería 870.00	Aportación ao proxecto composteiros
<b>TOTAL</b>	<b>7.078,50 €</b>		

Quedando o resume por Capítulos como segue:

GASTOS			INGRESOS		
Cap	Denominación	Importe €	Cap	Denominación	Importe €
1	Gastos de persoal	1.845.398,66	1	Impostos directos	1.289.500,00
2	Gastos en bens correntes e servizos	1.868.286,04	2	Impostos indirectos	30.000,00
3	Gastos financeiros	0,00	3	Taxas e outros ingresos	641.361,00
4	Transferencias correntes	348.576,20	4	Transferencias correntes	2.027.391,23
6	Investimentos reais	3.163.327,61	5	Ingresos patrimoniais	7.169,00
7	Transferencias de capital	40.839,80	6	Alleamento de inversións reais	1,00
8	Activos financeiros	0,00	7	Transferencias de capital	971.960,75
9	Pasivos financeiros	0,00	8	Activos financeiros	0,00
			9	Pasivos financeiros	2.299.045,33
	<b>TOTAL</b>	<b>7.266.428,31</b>			<b>7.266.428,31</b>





## Concello de Meaño

2º/ Que continúe a tramitación do expediente coa exposición pública para os efectos de reclamación, na forma e prazos que se establece no artigo 169 del R.D.Lvo2/2004, de 4 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en concordancia cos artigos 37 e 38 do R.D. 500/90, do 20 de abril; quedando definitivamente aprobado, sen prexuízo das publicacións pertinentes, de non presentarse reclamacións contra o mesmo.

### 3º.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES. (EXP.: 878/2023)

Dada conta, someramente, polo Sr. alcalde-presidente da proposta formulada pola Alcaldía á Comisión Especial de Contas, cuxo tenor literal é o seguinte:

*“O Pleno da Corporación, en sesión de data 26-09-1989, acordou establecer mediante ordenanza a regulación do Imposto sobre Bens Inmóbles; fixando un tipo de gravame para os bens inmóbles de natureza urbana no 0,4% e para os bens de natureza rústica no 0,65 %, sufrindo diversas modificacións ao longo da súa vixencia.*

*Na actualidade ponse de manifesto, a necesidade de modificar o seu contido, adaptando aos novos requirimentos derivados das modificacións normativas operadas, tanto no eido local, como administrativo en xeral, coa finalidade de adecuar a actuación municipal á realidade xurídica, tecnolóxica e de xestión do tributo, á que se enfronta na súa actividade diaria.*

*Por outra banda, os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible constitúen unha iniciativa impulsada polas Nacións Unidas no marco da Axenda 2030, que supón un compromiso dos estados coa pretensión de avanzar cara a sociedades máis xustas, sostibles e inclusivas. Neste senso, este Concello, consciente do papel que as entidades locais deben asumir como administración máis próxima á cidadanía, ten un compromiso adquirido de cara a consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible, resultando a política fiscal desenvolvida a través das Ordenanzas fiscais un dos instrumentos que poden axudar a contribuir a avanzar cara un modelo social e económico sostible e xusto.*

*A regulación que se propón pretende:*

- por un lado, mediante os instrumentos de política fiscal de exención e bonificación que ao Concello se lle confiren no exercicio da súa potestade tributaria, ser un impulso na consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, para o que se propoñen diversas bonificacións.*
- por outro lado, nese mesmo exercicio da potestade tributaria e na marxe das porcentaxes de gravame que contempla a lexislación vixente, contribuir á sostibilidade financeira do Concello, a tal efecto modificar o tipo de gravame dos bens inmóbles de natureza urbana incrementando o mínimo establecido nun 0,07%, quedando o tipo de gravame aplicable no 0,47 %.*

*Así mesmo, desde a súa entrada en vigor esta ordenanza sufriu diversas modificacións que determina a existencia de varios documentos relativos ao mesmo tributo o que pon de manifesto a necesidade de refundir o seu contido en aras de dar cumprimento aos principios de eficiencia e dotar á cidadanía dunha maior seguridade xurídica no cumprimento das súas obrigas tributarias.*

*A tal efecto e a vista do informe-proposta elaborado pola secretaria-interventora, esta Alcaldía-proponlle á Comisión Especial de Contas que ditamine favorablemente este asunto e a súa vez lle*





## Concello de Meaño

propoña ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobado provisionalmente a modificación (modificación e refundición) da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis, quedando o seu novo texto como se reflicte no proxecto de Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis nos termos do proxecto que literalmente di:

### **“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES**

#### **PREÁMBULO**

O Pleno da Corporación, en sesión de data 26-09-1989, acordou establecer mediante ordenanza a regulación do Imposto sobre Bens Inmóveis; fixando un tipo de gravame para os bens inmóveis de natureza urbana no 0,4% e para os bens de natureza rústica no 0,65 %, sufrindo diversas modificacións ao longo da súa vixencia.

Na actualidade ponse de manifesto, a necesidade de modificar o seu contido, adaptando aos novos requirimentos derivados das modificacións normativas operadas, tanto no eido local, como administrativo en xeral, coa finalidade de adecuar a actuación municipal á realidade xurídica, tecnolóxica e de xestión do tributo, á que se enfronta na súa actividade diaria.

Por outra banda, os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible constitúen unha iniciativa impulsada polas Nacións Unidas no marco da Axenda 2030, que supón un compromiso dos estados coa pretensión de avanzar cara a sociedades máis xustas, sostibles e inclusivas. Neste senso, este Concello, consciente do papel que as entidades locais deben asumir como administración máis próxima á cidadanía, ten un compromiso adquirido de cara a consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible, resultando a política fiscal desenvolvida a través das Ordenanzas fiscais un dos instrumentos que poden axudar a contribuir a avanzar cara un modelo social e económico sostible e xusto.

Así mesmo, desde a súa entrada en vigor esta ordenanza sufriu diversas modificacións que determina a existencia de varios documentos relativos ao mesmo tributo o que pon de manifesto a necesidade de refundir o seu contido en aras de dar cumprimento aos principios de eficiencia e dotar á cidadanía dunha maior seguridade xurídica no cumprimento das súas obrigas tributarias.

A modificación e refundición que resulta supón unha regulación parcial da materia, sen que imponha obrigas relevantes aos destinatarios distintas das contempladas no texto inicial e na lexislación que regula este tributo.

Por último, debe indicarse, tal e como preceptúa o artigo 129.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que este texto se axusta aos principios de boa regulación, amparándose o seu contido baixo os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

#### **ARTIGO 1.- NATUREZA E FUNDAMENTO.**

1. No uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, e polo artigo





## Concello de Meaño

106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15.2 e 59.1 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, este Concello regula o IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES, que se rexerá polo disposto na devandita Lei e pola presente Ordenanza fiscal.

2. O Imposto sobre Bens Inmobles é un tributo obrigatorio e directo de carácter real que grava o valor dos bens inmobles sitos no termo municipal de Meaño nos termos establecidos nos artigos 60 a 77 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo e conforme á presente Ordenanza.

### **ARTIGO 2.- FEITO IMPOÑIBLE.**

1. Constitúe o feito imponible do imposto, a titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmobles rústicos e urbanos e sobre os inmobles de características especiais:

- a) Dunha concesión administrativa sobre os propios inmobles ou sobre os servizos públicos a que se achen afectos.
- b) Dun dereito real de superficie.
- c) Dun dereito real de usufruto.
- d) Do dereito de propiedade.

2. A realización do feito imponible que corresponda, de entre os definidos no apartado anterior pola orde establecida, determinará a non suxeición do inmovible ás restantes modalidades previstas no mesmo.

Nos bens inmobles de características especiais aplicarase a mesma prelación anterior, salvo cando os dereitos de concesión que poidan recaer sobre o inmovible non esgoten a súa extensión superficial, nese caso tamén se realizará o feito imponible polo dereito de propiedade sobre aquela parte do ben non afectada pola concesión.

3. Para os efectos deste imposto, terán a consideración de bens inmobles rústicos, de bens inmobles urbanos e de bens inmobles de características especiais os definidos como tales nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

4. No caso de que un mesmo inmovible atópese localizado en distintos termos municipais entenderase, a efectos deste imposto, que pertence a cada un deles pola superficie que ocupe no respectivo termo municipal.

### **ARTIGO 3 – NON SUXEIÇÃO**

Non están suxeitos a este imposto:

- a) As estradas, os camiños, as demais vías terrestres e os bens de dominio público marítimo terrestre e hidráulico, sempre que sexan de aproveitamento público e gratuíto para os usuarios.
- b) Os seguintes bens inmobles propiedade do Concello de Meaño, enclavados dentro do termo municipal:

*Os bens inmobles de dominio público afectos a uso público.*







## Concello de Meaño

*Os bens inmobles de dominio público afectos a un servizo público xestionado directamente polo Concello, excepto cando se trate de inmobles cedidos a terceira mediante contraprestación.*

*Os bens inmobles patrimoniais, exceptuados igualmente os cedidos a terceiros mediante contraprestación.*

### **ARTIGO 4.- SUXEITO PASIVO**

*1. Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes, as persoas naturais e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, que ostenten a titularidade do dereito que, en cada caso, sexa constitutivo do feito imponible deste imposto, conforme ao disposto no artigo 2.1 desta ordenanza.*

*2. No suposto de bens inmobles de características especiais, cando a condición de contribuínte recaia sobre un ou varios concesionarios, cada un deles o será pola súa fracción, que se determinará en razón á parte do valor catastral que corresponda á superficie concedida e á construción directamente vinculada a cada concesión.*

*Para esa mesma clase de inmobles, cando o propietario teña a condición de suxeito pasivo contribuínte pola superficie non afectada polas concesións, actuará como substituto do mesmo o ente ou organismo público a que se ache afectado ou adscrito o inmueble ou aquel a cuxo cargo se atope a súa administración e xestión, o cal non poderá repercutir no contribuínte o importe da débeda tributaria satisfeita.*

*3. Salvo no suposto a que se refire o último parágrafo anterior, o suxeito pasivo ten a facultade de repercutir a carga tributaria soportada conforme ás normas do dereito común.*

*As Administracións Públicas e os entes ou organismos a que se refire o apartado anterior repercutirán a parte da cota líquida que corresponda en quen, non reunindo a condición de suxeitos pasivos, fagan uso mediante contraprestación dos seus bens demaniais ou patrimoniais, os cales estarán obrigados a soportar a repercusión. Para ese efecto, a cota repercutible determinarase en razón á parte do valor catastral que corresponda á superficie utilizada e á construción directamente vinculada a cada arrendatario ou cesionario do dereito de uso.*

*4. Nos supostos de cambio, por calquera causa, na titularidade dos dereitos que constitúen o feito imponible deste imposto, os bens inmobles obxecto dos devanditos dereitos quedarán afectos ao pago da totalidade da cota tributaria, en réxime de responsabilidade subsidiaria, nos termos previstos na Lei Xeral Tributaria. Para estes efectos, os notarios solicitarán información e advertirán expresamente aos comparecentes nos documentos que autoricen sobre as débedas pendentes polo Imposto sobre Bens Inmobles asociadas ao inmueble que se transmite, sobre o prazo dentro do cal están obrigados os interesados a presentar declaración polo imposto, cando tal obrigación subsista por non achegarse a referencia catastral do inmueble, conforme ao apartado 2, do artigo 43 do texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario e outras normas tributarias, sobre a afección dos bens ao pago da cota tributaria e, así mesmo, sobre as responsabilidades en que incorran pola falta de presentación de declaracións, o non efectualas en prazo ou a presentación de declaracións falsas, incompletas ou inexactas, conforme ao previsto no artigo 70 do texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario e outras normas tributarias.*

*5. Responden solidariamente da cota deste imposto, e en proporción ás súas respectivas participacións, os copartícipes ou cotitulares das entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, se figuran rexistrados como tales no Catastro Inmobiliario. De non figurar rexistrados, a*





## Concello de Meaño

*responsabilidade esixirase por partes iguais en todo caso.*

### **ARTIGO 5.- EXENCIONES**

*1. Estarán exentos do imposto os seguintes inmobles:*

*a) Os que, sendo propiedade do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, estean directamente afectos á seguridade cidadá e aos servizos educativos e penais, así como os dos Estado afectos á Defensa Nacional.*

*b) Os bens comunais e os montes veciñais en man común.*

*c) Os da Igrexa católica, nos termos previstos no Acordo entre o Estado Español e a Santa Sé sobre asuntos económicos, do 3 de xaneiro de 1979; e os das asociacións confesionais non católicas legalmente recoñecidas, nos termos establecidos nos respectivos acordos de cooperación subscritos en virtude do disposto no artigo 16 da Constitución.*

*d) Os da Cruz Vermella Española.*

*e) Os inmobles aos que sexa de aplicación a exención en virtude dos Convenios Internacionais en vigor e, a condición de reciprocidade, os dos Gobernos estranxeiros destinados á súa representación diplomática, consular, ou aos seus organismos oficiais.*

*f) A superficie dos montes poboados con especies de crecemento lento regulamentariamente determinadas, cuxo principal aproveitamento sexa a madeira ou a cortiza, sempre que a densidade arbórea sexa a propia ou normal da especie de que se trate.*

*g) Os terreos ocupados polas liñas de ferrocarrís e os edificios situados nos mesmos terreos, que estean dedicados a estacións, almacéns ou a calquera outro servizo indispensable para a explotación das devanditas liñas. Non están exentos, por conseguinte, os establecementos de hostalería, espectáculos, comerciais e de espaxemento, as casas destinadas a vivendas dos empregados, as oficinas da dirección nin as instalacións fabrís.*

*2. Así mesmo estarán exentos os bens de que sexan titulares as entidades sen fins lucrativos e aquelas outras entidades recollidas na Lei 49/2002, do 23 de decembro, de Réxime Fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, nos supostos e cos requisitos que a citada Lei e o Regulamento para a aplicación do réxime fiscal das mencionadas entidades, aprobado por Real Decreto 1270/2003, do 10 de outubro, establecen.*

*Con respecto a aquelas entidades, a que se refire o presente apartado, que teñan a obrigaón de efectuar a comunicación do exercicio da opción do réxime fiscal especial previsto no título II da citada Lei 49/2002, do 23 de decembro, a exención gozarase a partir do período impositivo que coincida co ano natural en que se dirixa a mencionada comunicación a este Concello.*

*A comunicación ao Concello deberá indicar, expresamente, o exercicio da opción pola aplicación do réxime fiscal especial previsto no título II da Lei 49/2002, do 23 de decembro, e deberá ir acompañada da acreditación de presentar a declaración censual na correspondente Administración tributaria.*

*3. Estarán do mesmo xeito exentos os inmobles urbanos nos que resulte unha cota líquida inferior a*





## Concello de Meaño

3,00 euros, así como o conxunto de inmobles rústicos dun mesmo suxeito pasivo nos que a súa cota agrupada sexa inferior a 3,00 euros.

4. Previa solicitude, os seguintes bens inmobles gozarán da exención que respecto dos mesmos se establece no texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais:

a) Os bens inmobles que se destinen ao ensino por centros docentes acollidos, total ou parcialmente, ao réxime de concerto educativo, en canto á superficie afectada ao ensino concertado.

Á solicitude, deberá acompañarse, en cada exercicio, a seguinte documentación:

1. Certificado da administración educativa correspondente acreditativa da calidade de centro concertado asignado aos edificios e instalacións destinadas directa e exclusivamente ás actividades docentes obxecto de exención.

2. Informe da Dirección Xeral do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributaria acreditativo das superficies dos edificios ou conxuntos urbanísticos adscritos exclusivamente á actividade educativa ou a servicios complementarios de ensinanza e de asistencia docente de carácter necesario, con indicación do valor catastral asignado a cada un dos elementos citados.

b) Os declarados expresa e individualizadamente monumento ou xardín histórico de interese cultural, mediante real decreto na forma establecida polo artigo 9 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español, e rexistrados no rexistro xeral a que se refire o seu artigo 12 como integrantes do Patrimonio Histórico Español, así como os comprendidos nas disposicións adicionais primeira, segunda e quinta da devandita Lei. Esta exención non alcanzará a calquera clases de bens urbanos situados dentro do perímetro delimitativo das zonas arqueolóxicas e sitios e conxuntos históricos, globalmente integrados neles, senón, exclusivamente, aos que reúnan as seguintes condicións:

En zonas arqueolóxicas, os incluídos como obxecto de especial protección no instrumento de plan urbanístico a que se refire o artigo 20 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español.

En sitios ou conxuntos históricos, os que contén cunha antigüidade igual ou superior a cincuenta anos e estean incluídos no catálogo previsto no Real Decreto 2159/1978, do 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de plan para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre Réxime do Chan e Ordenación Urbana, como obxecto de protección integral nos termos previstos no artigo 21 da Lei 16/1985, do 25 de xuño.

Non estarán exentos os bens inmobles a que se refire esta letra b) cando estean afectos a explotacións económicas, salvo que lles resulte de aplicación algún dos supostos de exención previstos na Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, ou que a suxeición ao imposto a título de contribuínte recaia sobre o Estado, as Comunidades Autónomas ou as entidades locais, ou sobre organismos autónomos do Estado ou entidades de dereito público de análogo carácter das Comunidades Autónomas e das entidades locais.

c) A superficie dos montes en que se realicen repoboacións forestais ou rexeneración de masas arborizadas suxeitas a proxectos de ordenación ou plans técnicos aprobados pola Administración forestal. Esta exención terá unha duración de 15 anos, contados a partir do período impositivo seguinte a aquel en que se realice a súa solicitude.





## Concello de Meaño

5. Regúlase unha exención a favor dos bens de que sexan titulares os centros sanitarios de titularidade pública directamente afectados ao cumprimento de fins sanitarios; a tal efecto esta exención será de aplicación directa e afecta ao Centro de saúde de Dena (Ref. Catastral 5602101NH1050S0001KO) e o Centro de Saúde de Meaño (Ref. Catastral 8292215NG1989S0001QB) titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia-Servizo Galego de Saúde, ata tanto estén afectados a fins sanitarios e xestionado o servizo sanitario directamente pola Administración titular dominical dos bens.

6. Todas as exencións de carácter rogado producirán efecto a partir do exercicio seguinte á data da solicitude.

### ARTIGO 6. BONIFICACIÓNS

1. Aplicaranse as seguintes bonificacións de carácter obrigatorio:

a) Urbanización, construción e promoción inmobiliaria. Terán dereito a unha bonificación do 50 % na cota íntegra do imposto, sempre que así se solicite polos interesados antes do inicio das obras, os inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta, e non figuren entre os bens do seu inmovilizado.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá desde o período impositivo seguinte a aquel en que se inicien as obras ata o posterior á terminación das mesmas, sempre que durante ese tempo realícense obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que, en ningún caso, poida exceder de tres períodos impositivos.

b) Vivendas de protección oficial. As vivendas de protección oficial e as equiparables a estas segundo as normas da Comunidade Autónoma de Galicia, gozarán dunha bonificación do 50 por 100 durante os tres períodos impositivos seguintes ao do outorgamento da cualificación definitiva.

Dita bonificación concederáse a pedimento do interesado, a cal poderá efectuarse en calquera momento anterior á terminación dos tres períodos impositivos de duración da mesma e fornecerá efectos, no seu caso, desde o período impositivo seguinte a aquel en que se solicite.

c) Cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra. Terán dereito a unha bonificación do 95% da cota íntegra do imposto, os bens rústicos das cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra, nos termos establecidos na Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre Réxime Fiscal das Cooperativas.

2. Establécense as seguintes bonificacións potestativas.

#### a) Familias numerosas.

1. Os suxeitos pasivos do Imposto sobre Bens Inmobles de Natureza Urbana que, no momento do devengo, ostenten a condición de titulares de familia numerosa, conforme o establecido na Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás Familias Numerosas, e demais normativa concordante, gozarán, dunha bonificación na cota íntegra deste imposto correspondente á vivenda habitual da familia.

A tal efecto, entenderase por vivenda habitual aquela unidade urbana de uso residencial destinada a satisfacer a necesidade permanente de vivenda do suxeito pasivo e a súa familia.

Presumirase que a vivenda habitual da familia numerosa é aquela na que figura empadroada a familia.





## Concello de Meaño

2. No suposto de que o suxeito pasivo beneficiario sexa titular de máis dun inmovible radicado en Meaño, a bonificación quedará referida a unha única unidade urbana, sempre que, ademais, constitúa a vivenda habitual da unidade familiar, sen que poida gozarse de máis dunha bonificación aínda que foran varias as vivendas de que dispuxese o suxeito pasivo ou a súa familia.

Será requisito para a aplicación de la bonificación a que se refiére este apartado que el valor catastral de la vivenda habitual de la unidade familiar esté individualizado e que a titularidade catastral estea correctamente implementada na Base de Datos Nacional de Catastro.

3. Para poder disfrutar desta bonificación, o suxeito pasivo deberá estar empadroado no Concello de Meaño e presentar a solicitude, debidamente cumprimentada, antes do primeiro día do período impositivo a partir do cal empece a producir efectos, acompañada da fotocopia cotexada do certificado ou título de familia numerosa (non carné individual) expedido por el órgano competente, comprobando o Concello de oficio o empadramento.

4. A porcentaxe da bonificación, que se manterá para cada ano, sen necesidade de reiterar a solicitude, si se manteñen as condicións que motivaron a súa aplicación, será do 50%.

5. Cando exista máis dun suxeito pasivo como titular da vivenda habitual, a bonificación só se aplicará sobre a porcentaxe de dereito que corresponda aos suxeitos pasivos incluídos no título de familia numerosa. Con todo, nos casos de nulidade, separación ou divorcio matrimonial a bonificación aplicarase sobre a totalidade da porcentaxe que corresponda a ambos os cónxuxes, con independecia de cal deles se atope incluído no devandito título.

6. Cando o título de familia numerosa perda a súa vixencia por caducidade do mesmo, e sempre que se teña dereito a súa renovación, deberá achegarse, ata a data de finalización do prazo para formalizar recurso de reposición contra o recibo do imposto, o título renovado ou o certificado acreditativo de ter presentada a renovación. A non presentación da documentación en prazo determinará a perda do dereito á bonificación para ese exercicio, sen prexuízo da posibilidade de recuperala para exercicios sucesivos, sempre que se aporte a devandita documentación.

Con todo, o beneficiario deberá poñer en coñecemento do Concello o incumprimento dos requisitos descritos para a súa aplicación e conlevará a perda do dereito á bonificación. En todo caso, chegada a data de caducidade do título, a bonificación finaliza.

**b) Sistemas de aproveitamento da enerxía solar.** Terán dereito a unha bonificación do 25% da cota íntegra do imposto as edificacións cuxo uso catastral sexa predominantemente residencial nos que se instalaran sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía provinte do sol durante os cinco períodos impositivos seguintes ao da finalización da instalación.

O importe da bonificación total acumulada durante todo o período bonificado non poderá exceder do 20 por cento do custo final (IVE incluído) da instalación. No caso de que o edificio este suxeito ao réxime de propiedade horizontal, o custo final será o que se repercutiu a cada propietario, calculado facendo uso dos coeficientes de repartición da instalación de autoconsumo colectivo.

Estes coeficientes de repartición utilizados para as bonificacións para aplicar durante o período bonificable serán os achegados no momento de realizar a solicitude. En ningún caso poderán verse modificados nas anualidades posteriores. Por tanto, no caso que houberse modificacións dos mesmos ou variación na participación da instalación colectiva, esta non será contemplada.

Para ter dereito a esta bonificación será necesario que as instalacións para produción de calor





## Concello de Meaño

*inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación pola Administración competente. O outorgamento desta bonificación estará condicionado a que o cumprimento do anterior requisito quede acreditado mediante a achega do certificado de instalación debidamente dilixenciado polo organismo autorizado. Así mesmo, deberá constar a seguinte documentación:*

*a. Certificado final de obras, no seu caso.*

*b. Factura desagregada ou certificado do custo da instalación. Este debe ser coherente co proxecto ou memoria técnica da instalación.*

*c. No seu caso, primeiro acordo de repartición da instalación de autoconsumo colectivo asinado por todas as persoas consumidoras asociadas, en caso de tratarse dunha instalación de autoconsumo colectivo.*

*Esta bonificación, que terán carácter rogado, producirá efecto desde o período impositivo seguinte a aquel en que se solicite, sempre que se acredite o cumprimento dos requisitos esixidos para o seu outorgamento. A bonificación poderá solicitarse en calquera momento anterior á terminación do período de duración da mesma e non terá carácter retroactivo.*

*Non se concederá esta bonificación cando a instalación destes sistemas de aproveitamento da enerxía solar sexa obrigatoria a teor da normativa específica na materia nin no suposto de instalacións de maior potencia da requirida por lexislación.*

*A bonificación non será revisable aínda cando no transcurso do período bonificable se produzan alteracións nas persoas participantes da instalación de autoconsumo ou se modifique o valor catastral.*

***c) Instalación de puntos de recarga para vehículos eléctricos.*** Establécese unha bonificación do 10% da cota íntegra do imposto a favor dos bens inmobles nos que se instalaron puntos de recarga para vehículos eléctricos. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións dispoñan da correspondente homologación pola Administración competente.

*No suposto de inmobles en réxime de división horizontal onde a praza de garaxe ou estacionamento non sexa un engadido inseparable da vivenda dita bonificación aplicarase sobre a referencia catastral cuxo uso sexa residencial, a condición de que, atópense dentro do mesmo conxunto construtivo onde se atopa o estacionamento.*

*Non se aplicará a bonificación cando a instalación do punto de recarga non estea asociado a unha concreta referencia catastral, afecte a varias sen que poida determinarse a un suxeito pasivo concreto ou ben, en inmobles con división horizontal, atópese instalado en zonas comúns.*

***d) Asentamentos de poboación singularizados.*** Establécese unha bonificación 30% da cota íntegra do Imposto a favor dos bens inmobles urbanos situados en áreas ou zonas do municipio que, conforme á lexislación e plan urbanísticos, correspondan a asentamentos de poboación singularizados pola súa vinculación ou preeminencia de actividades primarias de carácter agrícola, gandeiro, forestal ou análogas e que dispoñan dun nivel de servizos de competencia municipal, infraestruturas ou equipamentos colectivos inferior ao existente nas áreas ou zonas consolidadas do municipio, sempre que as súas características económicas aconsellen unha especial protección.





## Concello de Meaño

Corresponderá ao pleno do concello a declaración dos referidos bens inmobles urbanos como situados en áreas ou zonas do municipio que correspondan a asentamentos de poboación singularizados nos termos anteriormente descritos, previa solicitude do suxeito pasivo así como o outorgamento de dita bonificación, debendo contar co voto favorable da maioría simple dos seus membros.

**e) Inmobles de organismos públicos de investigación e ensinanza universitaria.** Establécese unha bonificación do 95% a favor de inmobles de organismos públicos de investigación e ensinanza universitaria.

**f) Inmobles declarados expresa e individualizadamente monumento ou xardín histórico de interese cultural excluídos da exención do artigo 62.2.b da Lei de Facendas Locais.** Establécese unha bonificación do 60% para inmobles declarados expresa e individualizadamente monumento ou xardín histórico de interese cultural excluídos da exención do artigo 62.2.b da Lei de Facendas Locais.

**g) Inmobles nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego. 1. Sempre que así se solicite polos interesados, establécese unha bonificación de ata o 95% da cota íntegra do imposto a favor de inmobles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 74.2 quáter do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. A gradación da porcentaxe de bonificación aplicarase do seguinte xeito:**

- O 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo
- O 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo
- O 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo.

Esta bonificación será de aplicación unicamente a aqueles inmobles nos que teña lugar a implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros nos que se amplíen as instalacións sempre e cando implique a creación de emprego. Neste último caso, a bonificación aplicarase unicamente sobre o valor da ampliación.

Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Dita bonificación aplicarase durante tres exercicios económicos, debendo manterse en todos eles as condicións esixidas que serviron de xustificación para o seu outorgamento.

Para a concesión desta bonificación deberán concorrer os seguintes requisitos:

### 2. Requisitos relativos ao inmovible e ao suxeito pasivo:

a) A titularidade do dereito polo que se solicita a bonificación debe corresponder a persoas físicas ou xurídicas ou ás entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que desenvolvan en dito inmovible a actividade económica declarada de especial interese municipal por creación de emprego. Por tanto, deberá coincidir o suxeito pasivo do Imposto co empregador dos correspondentes traballadores.

b) Non se aplicará esta bonificación a máis dun inmovible do suxeito pasivo.

c) No caso de que o inmovible se tivera agrupado, segregado ou sufrise algún tipo de alteración de orde física no período impositivo da solicitude da bonificación que produza unha





## Concello de Meaño

*alteración do valor catastral, dita bonificación non se aplicará ata que o Concello dispoña do novo valor catastral do inmovible no que se desenvolve a actividade económica declarada de interese.*

*d) Esta bonificación poderá aplicarse tanto a empresas de nova creación como ás xa existentes.*

### *3. Requisitos relativos aos traballadores contratados:*

*a) Computaranse unicamente os novos empregos directos e de carácter indefinido, tanto a xornada completa como reducida. Neste último caso, os novos empregos computaranse en proporción á duración da xornada.*

*b) Os contratos indefinidos haberán de manterse, xunto coa media de traballadores da empresa, por un período mínimo de tres anos.*

*c) O incremento do número de traballadores con contrato indefinido establecerase, como diferenza entre o número de traballadores existente na empresa no ano anterior ao que xurda o dereito a solicitar este beneficio e o ano en que xurde o dereito a solicitar este beneficio.*

*4. Tramitación da bonificación. A bonificación poderá solicitarse unha vez transcorresen seis meses desde a creación do último posto de traballo computable.*

*Xunto ca solicitude de bonificación, o interesado achegará a seguinte documentación:*

- 1. Memoria explicativa, integrada por unha descrición da actividade a desenvolver, e que comprenderá unha análise da súa viabilidade.*
- 2. Copia dos novos contratos formalizados.*
- 3. Declaración dos empregos preexistentes, detallando o seu número e modalidade da xornada.*
- 4. Última relación nominal de traballadores remitida á Tesourería Xeral da Seguridade Social unha vez transcorresen seis meses desde a creación do último posto de traballo computable.*

*5. A bonificación terá efectos no período impositivo seguinte ao da declaración de especial interés ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, excepto o indicado a continuación para novas construcións ou ampliación de construcións preexistentes.*

*6. Para o desfrute da bonificación en exercicios sucesivos o interesado deberá aportar a seguinte documentación dentro do mes de decembro do primeiro, segundo, e terceiro exercicio:*

*- Última relación nominal de traballadores remitida pola empresa á Tesourería Xeral da Seguridade Social.*

*Na ampliación de construcións preexistentes, o beneficio comezará a disfrutarse no exercicio seguinte ao de entrada en vigor do valor catastral modificado, constituíndo a base da bonificación o incremento de dito valor consecuencia da ampliación.*

***h) Bens inmovibles de características especiais.*** Establécese unha bonificación do 50% da cota íntegra a favor de bens inmovibles de características especiais.

***i) Bens inmovibles de uso residencial destinados a aluguer de vivenda con renda limitada.*** Establécese unha bonificación do 50% da cota íntegra para os bens inmovibles de uso residencial destinados a aluguer de vivenda con renda limitada por unha norma xurídica, cuxos suxeitos pasivos sexan







## Concello de Meaño

*persoas físicas ou entidades a que se refire o artigo 35.4 da lei 58/2003 Xeral Tributaria constituídas por persoas físicas.*

**j) Vivendas protección oficial.** *Establécese unha bonificación do 25 % da cota íntegra do imposto para as vivendas de protección oficial, aplicables durante dous anos tras a finalización do período de bonificación obrigatoria.*

*3. Os beneficios fiscais contemplados neste artigo deberán ser solicitados polo suxeito pasivo, surtindo efectos desde o período impositivo seguinte a aquel en que se solicite, salvo .*

*4.- As bonificacións reguladas nesta ordenanza non serán compatibles entre si, aplicándose unicamente, de entre as que se soliciten, a de maior contía.*

### **ARTIGO 7. PERÍODO IMPOSITIVO E DEVINDICACIÓN**

*1. O imposto devindícase o primeiro día do período impositivo.*

*2. O período impositivo coincide co ano natural.*

*3. Os feitos, actos e negocios que deben ser obxecto de declaración ou comunicación ante o Catastro Inmobiliario terán efectividade no pagamento deste imposto inmediatamente posterior ao momento en que produzan efectos catastrais. A efectividade das inscricións catastrais resultantes dos procedementos de valoración colectiva e de determinación do valor catastral dos bens inmoibles de características especiais coincidirá coa prevista nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.*

### **ARTIGO 8. BASE IMPOÑIBLE E BASE LIQUIDABLE**

*1. A base imponible está constituída polo valor catastral dos bens inmoibles, que se determinará, notificará e será susceptible de impugnación conforme ás normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.*

*2. A base liquidable será o resultado de practicar na base imponible a redución que, no seu caso, legalmente corresponda.*

*A tenor do establecido na disposición transitoria terceira, 3, do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, dita redución será a prevista nos artigos 2 a 6 da Lei 53/1997, do 27 de novembro, ata o momento en que adquiran efectividade os novos valores catastrais que se determinen mediante a aplicación de Relatorios de valores totais ou especiais aprobadas de conformidade co disposto nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario. Así mesmo, continuará sendo aplicable ata ese momento o disposto no artigo 69.3 da Lei reguladora das Facendas Locais, na redacción anterior á súa reforma pola Lei 51/2002.*

*No caso dos bens inmoibles de características especiais, para a aplicación da redución estarase ao disposto nos artigos 67.2 e 68.4 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.*

*3. De acordo co disposto no artigo 77 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, unha vez transcorrido o prazo de impugnación previsto nas notificacións do valor catastral e base liquidable previstas nos procedementos de valoración colectiva, entenderanse consentidas e firmes as bases imponible e liquidable notificadas, sen que poidan ser obxecto de nova impugnación ao*





## Concello de Meaño

*procederse á exacción anual do imposto.*

### **ARTIGO 9. COTA E TIPO DE GRAVAME**

1. A cota íntegra deste imposto será o resultado de aplicar á base liquidable o tipo de gravame correspondente, conforme ao establecido no apartado 2 deste artigo.

2. O tipo de gravame aplicable aos bens inmobles de natureza urbana será do 0,47%, aos bens de natureza rústica do 0,65 %, e o dos bens inmobles de características especiais do 0,47%.

3. Tratándose de inmobles de uso residencial que se atopen desocupados con carácter permanente, esixirase unha recarga do 50% da cota líquida do imposto. A recarga, que se esixirá aos suxeitos pasivos deste tributo, devindicarase o 31 de decembro e liquidarase anualmente, unha vez constatada a desocupación do inmovible en tal data, xuntamente co acto administrativo polo que esta se declare.

*Para estes efectos terá a consideración de inmovible desocupado con carácter permanente aquel que permaneza desocupado, de forma continuada e sen causa xustificada, por un prazo superior a dous anos, e pertencen a titulares de catro ou máis inmobles de uso residencial.*

*A recarga será do 100% da cota líquida do imposto cando o período de desocupación sexa superior a tres anos.*

*A porcentaxe de recarga que corresponda conforme ao sinalado anteriormente incrementarase en 50 puntos porcentuais adicionais en caso de inmobles pertencentes a titulares de dous ou máis inmobles de uso residencial que se atopen desocupados no mesmo termo municipal.*

*A declaración municipal como inmovible desocupado con carácter permanente esixirá a previa audiencia do suxeito pasivo e entenderase a estes efectos acreditado que existen indicios de desocupación cando no inmovible de uso residencial nos termos anteriormente descritos non figure ningunha persoa escrita no Padrón Municipal de Habitantes no prazo superior aos dous ou tres anos anteriormente referidos.*

*Non se aplicará esta recarga a inmobles de titularidade de persoas físicas, administracións públicas, entidades incluídas no réxime fiscal da lei 49/2002 de 23 de decembro e entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria sempre que estas últimas fosen constituídas por persoas físicas, administracións públicas ou entidades incluídas no réxime fiscal da lei 49/2002.*

*En todo caso consideraranse xustificadas as seguintes causas: inmobles suxeitos a actuacións de obra ou rehabilitación, ou outras circunstancias que imposibiliten a súa ocupación efectiva, que a vivenda estea a ser obxecto dun litixio ou causa pendente de resolución xudicial ou administrativa que impida o uso e disposición da mesma ou que se trate de inmobles cuxos titulares, en condicións de mercado, ofrezan en venda, cun máximo dun ano nesta situación, ou en alugueiro, cun máximo de seis meses nesta situación.*

4. A cota líquida obterase minorando a cota íntegra no importe das bonificacións sinaladas na lei e contidas na presente ordenanza.

### **ARTIGO 10. XESTIÓN DO IMPOSTO**

1. As alteracións concernentes aos bens inmobles susceptibles de inscrición catastral que teñan transcendencia a efectos deste imposto determinarán a obrigação dos suxeitos pasivos de formalizar





## Concello de Meaño

*as declaracións conducentes á súa inscrición no Catastro Inmobiliario, conforme ao establecido nas súas normas reguladoras.*

*2. A liquidación e recadación, así como a revisión dos actos ditados en vía de xestión tributaria deste imposto, serán competencia exclusiva deste Concello, salvo delegación, e comprenderán, entre outras, as funcións de recoñecemento e denegación de exencións e bonificacións, realización das liquidacións conducentes á determinación das débedas tributarias, emisión dos documentos de cobranza, resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos, resolución dos recursos que se interpoñan contra os devanditos actos e actuacións para a asistencia e información ao contribuínte referidos ás materias comprendidas neste apartado.*

*3. Agruparanse nun só documento de cobranza todas as cotas deste imposto relativas a un mesmo suxeito pasivo, cando se trate de inmobles rústicos deste municipio.*

### **ARTIGO 11. XESTIÓN POR DELEGACIÓN**

*1. Se a xestión, a inspección e a recadación do tributo foron delegadas total ou parcialmente na Deputación de Pontevedra, as normas contidas nos artigos anteriores serán aplicables ás actuacións que ten que realizar a Administración delegada, sempre que non contradigan o establecido na Ordenanza Fiscal Xeral desta última, xa que nese caso, no que respecta á recadación e ás normas de eficiencia e economía, incluído o relativo a achega de documentación polos interesados regulado no art. 28 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, prevalecería o establecido na normativa específica do órgano de xestión tributaria.*

*2. O órgano de xestión tributaria establecerá os circuítos administrativos máis adecuados para conseguir a colaboración das organizacións representativas dos suxeitos pasivos co fin de simplificar o cumprimento das obrigacións formais e materiais derivadas daquelas, ou os procedementos de liquidación e recadación.*

*3. Todas as actuacións de xestión e recadación que leve a cabo o órgano de xestión tributaria axustaranse ao que prevé a normativa vixente e a súa ordenanza xeral de xestión, inspección e recadación, aplicable aos procesos de xestión dos ingresos locais, a titularidade dos cales corresponde ao municipio delegante.*

### **DISPOSICIÓN ADICIONAL**

*No non previsto nesta ordenanza, rexerese polo establecido na lexislación tributaria vixente que resulte de aplicación.*

### **DISPOSICIÓN DERROGATORIA**

*Esta ordenanza derroga expresamente a ordenanza fiscal polo Imposto sobre bens inmobles actualmente vixente e as súas modificacións; e calquera outra disposición de igual ou inferior rango que sexa contraria á mesma.*

### **DISPOSICIÓN FINAL**

*A presente ordenanza fiscal que foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión realizada o \_\_\_\_\_, producirá efectos a partir do día da súa publicación no Boletín Oficial e continuará en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación.”*





## Concello de Meaño

2º.- Expor ao público o presente acordo mediante anuncios publicados no BOPP, no taboleiro de anuncios e no portal de transparencia deste Concello, por un prazo de trinta días hábiles dentro dos cales os interesados poderán examina-lo expediente e presenta-las reclamacións que estimen oportunas.

3º.- De non presentarse reclamacións ao expediente neste período, este acordo provisional entenderase definitivamente adoptado, ao abeiro do artigo 17.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; procedendo a publicar o texto íntegro da ordenanza fiscal no Boletín Oficial da Provincia, momento que entrará en vigor.”

Unha vez deliberado o asunto e sometida a proposta de acordo a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, con cinco votos en contra (do/da concelleiro/a do Grupo Mixto e da/dos concelleira/os do Grupo Municipal MI) e oito votos a favor (dos concelleiros/as do Grupo Municipal VEDM), aceptando o ditame-proposta da Comisión Especial de Contas, acorda:

1º.- Aprobar provisionalmente a modificación (modificación e refundición) da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles, quedando o seu novo texto como se reflicte no corpo do presente acordo.

2º.- Expor ao público o presente acordo mediante anuncios publicados no BOPP, no taboleiro de anuncios e no portal de transparencia deste Concello, por un prazo de trinta días hábiles dentro dos cales os interesados poderán examina-lo expediente e presenta-las reclamacións que estimen oportunas.

3º.- De non presentarse reclamacións ao expediente neste período, este acordo provisional entenderase definitivamente adoptado, ao abeiro do artigo 17.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; procedendo a publicar o texto íntegro da ordenanza fiscal no Boletín Oficial da Provincia, momento que entrará en vigor.

E non sendo outro o obxecto desta sesión, ás catorce horas e trinta e oito minutos dáse por rematada, estendéndose a presente acta que certifico, co visto e praxe do Sr. alcalde-presidente.

Así mesmo, CERTIFICO:

Que de conformidade co acordo adoptado polo Pleno da Corporación, na sesión de data 29 de decembro de 2019, e co establecido no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, incorpórase como anexo a videoacta resultante da gravación desta sesión, garantíndose a súa autenticidade coa seguinte sinatura dixital:





## Concello de Meaño

---

Formato: VIDEO (WMV)

Nombre arquivo : {881C8028-4F8E-4919-9518-4A2B68351EB9}.wmv

SHA512(Firma) :

f38c325abbac10ac0b48ec5fe3d559b3fb590059855e08e8a06800c04480e26de80a720e1  
43081c17f9b3fa838214b46bc55f5d57a573e806d75e42ef663b31a

Documento asinado e datado dixitalmente ao marxe

